

Temario básico de referencia

Escala Superior de Orientación Laboral

Parte específica | Tema 58

A mostra: teoría e aplicación. Tamaño da mostra. O nivel de confianza. Tipos de mostraxe e métodos de selección da mostra. A súa utilización no ámbito do mercado de traballo.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN





© 2024 - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Dispoñible baixo licenza [CC BY-NC-SA 4.0](#)



BY: en caso de citar os contidos, debe outorgarse crédito da autoría á Xunta de Galicia.

NC: só se permite o uso non comercial da obra.

SA: as adaptacións que se elaboren deben compartirse coa mesma licenza.

AVISO DE EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE.

Estes contidos non son un temario oficial.

Supoñen unicamente unha ferramenta de axuda que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pon a disposición de todas as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos para o ingreso no corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de orientación laboral.

Os contidos responden á normativa, documentos e outras referencias que estaban vixentes no momento da súa elaboración, polo que poden ter sufrido cambios co decurso do tempo. Comprobe sempre e vixencia dos contidos e empregue as últimas versións dispoñibles.

Índice

1	A mostra: teoría e aplicación.....	4
2	Tamaño da mostra. O nivel de confianza.....	7
3	Tipos de mostraxe e métodos de selección da mostra. A súa utilización no ámbito do mercado de traballo.....	8
3.1	Tipos de mostraxe e métodos de selección da mostra	8
3.2	Utilización da mostraxe no ámbito do mercado de traballo.....	14

1 A mostra: teoría e aplicación

En moitas ocasións, tanto nas ciencias sociais como noutras distintas ramas do coñecemento, é preciso estudar, coñecer ou incluso explicar o estado actual ou a evolución dunha materia obxecto de investigación que conta cun volume de datos moi elevado que dificulta a súa comprensión e análise; ou incluso a probabilidade de que un suceso aconteza en realidade nun grupo de persoas excesivamente amplo como para poder obter directamente a información de todas elas.

Para axudar nesta tarefa naceu e desenvolveuse a Estatística, unha especialidade matemática que agrupa unha colección de métodos que axudan a describir, resumir, interpretar e analizar grandes volumes de datos que son útiles para explicar ou para predicir a probabilidade de que aconteza un suceso en particular, ou para establecer relacións entre varios sucesos ou variables.

Existen dúas ramas diferentes dentro da estatística:

I. Estatística descritiva.

Dun xeito simplificado, a estatística descritiva é a disciplina que describe as principais características dunha serie de datos ou os describe de xeito cuantitativo. Polo tanto, pode dicirse que ofrece un resumo dos datos para presentalos tal como son.

Exemplos de estatística descritiva poden ser os seguintes:

- Poboación ocupada en Galicia no segundo trimestre de 2024.
- Taxa de ocupación en Galicia no segundo trimestre de 2024.

Dentro da estatística descritiva pódense realizar distintos tipos de análise atendendo ás variables que en cada caso se consideren:

- A **análise unidimensional**, que estuda a descrición da frecuencia da distribución dunha única variable.

Así, por exemplo, un "estudo da poboación parada en Galicia" constitúe unha análise unidimensional, xa que só se analiza unha variable (situación respecto do desemprego) dunha poboación.

A **análise bidimensional**, na que as técnicas da estatística descritiva se empregan para describir a relación entre un par de variables.

Seguindo co exemplo anterior, unha análise bidimensional podería ser o "estudo da poboación parada en Galicia por idade", xa que non só se busca coñecer a situación, senón que ademais se quere determinar se existe e cal é a relación entre a variable "desemprego" e a variable "idade da persoa".

Polo tanto, a principal diferenza entre a análise unidimensional e a análise bidimensional é que esta última procura non só unha descrición, senón o estudo da relación entre dúas variables diferentes.

A estatística descritiva traballa cos seguintes parámetros:

- Parámetros de centralización:
 - **Medio** (aritmético): o valor que se obtén como resultado da suma de todos os valores dividida polo número de observacións.
Existen diferentes tipos de medio, cada un deles cunha forma de cálculo diferente: medio xeométrico, medio harmónico, medio ponderado...
 - **Mediana**: valor medio que separa a metade superior da metade inferior dos datos recompilados.
 - **Moda**: valor máis frecuente no conxunto dos datos.
 - Parámetros de dispersión, tales como o **desvío estándar** e a **varianza**, que, dun xeito sinxelo, son dúas formas diferentes de medir como están de dispersos os valores nunha colección de datos.
- Parámetros de posición como **cuartís** ou **percentís**, que permiten dividir os datos en grupos iguais formados pola cuarta parte dos datos (cuartil) ou a centésima parte (percentil).

II. Estatística inferencial.

Dun xeito resumido, é a rama da estatística que estuda a probabilidade e que busca, a partir da información empírica proporcionada por unha mostra, determinar cal é a probabilidade de que aconteza un suceso determinado ou se produza un comportamento concreto nunha determinada poboación cun marxe de confianza medible e coñecido.

Un exemplo neste sentido sería, por exemplo, un "estudo sobre a probabilidade de atopar emprego tras completar un itinerario personalizado para o emprego" no que, a partir da análise dunha cantidade de datos suficientemente representativa sobre o acontecido a este respecto polas persoas que teñen rematado itinerarios nun período de tempo predefinido, se podería inferir, cunha certa marxe de erro coñecida, a probabilidade de que unha persoa que se atope nesa situación poida atopar un emprego.

Neste sentido, os parámetros clave cos que traballa a inferencia estatística son os seguintes:

- **Poboación (ou universo):** conxunto total de persoas ou obxectos nos que pode presentarse determinada característica sobre a que se desexa coñecer algo a través da investigación.

Así, por exemplo, para estudar o desemprego en España, o universo será toda a poboación española ou residente en España maior de 16 anos que reúna os requisitos para acceder a un emprego.

- **Mostra:** en termos sinxelos, unha mostra é unha selección representativa de datos dun grupo máis grande, que se realiza coa finalidade de facilitar o estudo das características de interese.

Continuando co exemplo anterior, o universo da poboación de España que reúne os requisitos para traballar está composto por millóns de persoas, o que faría inviable, tanto por economía como por tempo e volume de datos, realizar un estudo. Polo tanto, para posibilitar este estudo o que se fai e reducir o tamaño deste grupo e centrarse nun subgrupo representativo seleccionado conforme ás técnicas estatísticas acaídas (a mostra).

Sobre a mostra profúndase no seguinte apartado deste tema.

- Por último, **marxe de erro** e **nivel de confianza** son termos estatísticos que se refiren á cantidade de erro que pode esperarse nos resultados obtidos nun estudo estatístico debido á selección da mostra. Polo tanto, son parámetros que están ligados inseparablemente da mostra e o seu deseño, e tamén se analizan en maior profundidade no seguinte apartado.

En definitiva, o desenvolvemento da estatística inferencial consegue que sexa posible extrapolar a unha poboación as conclusións e resultados obtidos no estudo realizado a unha "mostra" desa poboación (un subconxunto debidamente seleccionado), tendo a seguridade de que o marxe de erro que se comete ao realizar esa extrapolación é coñecido e asumible.

Deste xeito conséguese que estudos que non serían asumibles polo seu custo, ou abordables polo tempo requirido, poidan ser viables económica e tecnicamente e poidan realizarse e actualizarse de xeito sinxelo e económico.

Exemplos destacados e coñecidos deste tipo de aplicacións poden ser, o das enquisas de intención de voto que se realizan e actualizan diariamente durante os períodos de campaña electoral, ou a enquisa a pé de furna que se realiza o propio día das votacións, e que se actualiza practicamente en tempo real a medida que se desenvolve a xornada electoral.

No apartado 3 deste tema analízanse exemplos concretos da súa aplicación ao ámbito específico do mercado de traballo.



2 Tamaño da mostra. O nivel de confianza

A fórmula matemática para o cálculo do tamaño da mostra dunha poboación finita (o caso no ámbito do traballo) é a seguinte:

$$n = \frac{N \cdot Z_{\alpha/2}^2 \cdot p \cdot q}{e^2 \cdot (N - 1) + Z_{\alpha/2}^2 \cdot p \cdot q}$$

Onde:

- n = Tamaño da mostra.
- N = Total da poboación ou universo.
- $Z_{\alpha/2}$ = Valor que depende do nivel de confianza seleccionado ($1 - \alpha$). O valor estándar para o nivel de confianza adoita ser do 95%, ao que lle corresponde un valor de $Z_{\alpha/2} = 1,96$.
- e = Marxe de erro (expresado en porcentaxe). Con carácter xeral, tómase como un valor axeitado o 5%.
- p = Probabilidade de ocorrencia do evento, valorado entre 0 e 1. Por defecto, se esta probabilidade se descoñece, tómase o valor 0,5.
- q = Probabilidade de non ocorrencia do evento, valorado entre 0 e 1. Ten que cumprirse que [$q = 1 - p$]. Por defecto, e de xeito coherente co anterior, tómase o valor 0,5.

Na actualidade existen multitude de servizos en liña que permiten realizar o cálculo do tamaño mostral para os parámetros de poboación, marxe de erro e nivel de confianza prefixados. Polo tanto, non é necesario memorizar esta fórmula para poder realizar o cálculo do tamaño dun mostra, unha vez coñecidos ou determinados os restantes parámetros. En moitas ocasións, estas ferramentas están asociadas a aplicacións e ferramentas para a realización de enquisas.

Así, por exemplo, se se quere realizar un estudo entre a poboación parada rexistrada de Galicia (129.011 persoas en marzo de 2024, segundo o IGE) cun nivel de confianza do 95% e un marxe de erro do 5% (e con $p = q = 0,5$), o tamaño da mostra resultante é de 384 persoas.

Resulta significativo ver que, unha vez que se acada un nivel de confianza e un marxe de erro axeitado (os citados 95% e 5% respectivamente), conseguir unha mínima redución nestes implica un aumento moi significativo no tamaño da mostra. Por este motivo, os devanditos valores teñen a consideración xeral de apropiados.

A continuación, cos datos do mesmo exemplo enunciado anteriormente, preséntanse diferentes valores tabulados para que poidan apreciarse estas variacións:



	Erro 4%	Erro 3%	Erro 2%	Erro 1%
NC 95%	598 persoas	1.059 persoas	2.358 persoas	8.940 persoas
NC 99%	1.033 persoas	1.824 persoas	4.031 persoas	14.741 persoas

Por este motivo, sempre que se analice un estudo estatístico, é necesario coñecer a ficha técnica do mesmo, onde se especifican os valores de nivel de confianza e marxe de erro que se tomaron como referencia para o cálculo do tamaño mostral.

Non obstante o anterior, o tamaño non é o único factor a ter en conta para asegurar que a mostra é representativa e que, en consecuencia, os resultados acadados van ser extrapolables a toda a poboación. Así, por exemplo, se no estudo sobre a poboación parada rexistrada en Galicia as 384 persoas seleccionadas na mostra son todas homes de entre 35 e 50 anos de ámbitos urbanos, os resultados non van ser necesariamente representativos da situación das persoas mozas ou das mulleres de ámbitos rurais.

Por este motivo existen diferentes métodos de selección da mostra, como se analiza no seguinte apartado.

3 Tipos de mostraxe e métodos de selección da mostra. A súa utilización no ámbito do mercado de traballo

3.1 Tipos de mostraxe e métodos de selección da mostra

Diferéncianse dous tipos principais de mostraxe:

- **Mostraxe probabilística.**

Aquela mostraxe na que todos os individuos da mostra teñen as mesmas oportunidades de saír elixidos. En moitos casos, este ten a consideración de ser o máis rigoroso metodoloxicamente para a mostraxe, xa que elimina os nesgos que poderían moldear a investigación.

- **Mostraxe non probabilística.**

Por contraposición coa definición anterior, é aquela na que hai individuos que teñen máis oportunidades de saír elixidos que outros e, xa que logo, non todos teñen as mesmas probabilidades de ser seleccionados. Aínda que a intuición indica que este tipo de mostraxe pode introducir máis nesgo na información obtida, pode ser interesante para situación concretas ou fases avanzadas da investigación, nas que queren validarse ou confirmarse aspectos concretos.

A continuación, e dun xeito moi sinxelo, analízanse as principais tipoloxías dentro destas dúas.

I. Tipos de mostraxe probabilística.

Existen fundamentalmente catro tipos de mostraxe probabilística:

○ **Mostraxe simple.**

Este tipo de mostraxe adóitase aplicar en poboacións pequenas e homoxéneas, polo que a representatividade da mostra e a posibilidade de extrapolar os resultados está garantida. Neste tipo de mostraxe cada persoa se lle asigna un número. A continuación selecciónase aleatoriamente un conxunto deses números e se realiza o estudo sobre os individuos asignados a eses números.

Por exemplo, se temos unha poboación de 1.000 persoas demandantes asociadas á oficina de emprego e queremos seleccionar 50, para realizar unha mostraxe simple podería asignarse a cada unha delas un número do 1 ao 1.000, para despois xerar unha listaxe de 50 números aleatorios entre 1 e 1.000, e as persoas que correspondan con eses números serán as elixidas.

Esta relación aleatoria de números podería xerarse empregando programas informáticos (por exemplo, Microsoft Excel ou LibreOffice Calc teñen funcións para o cálculo de números aleatorios) ou aplicacións web específicas para esta función.

○ **Mostraxe sistemática.**

As persoas que compoñen a poboación organízanse nun listado ordeado, elíxese un primeiro elemento de xeito aleatorio (para asegurar que non se introduce nesgo humano neste método) e, a partir deste inicial, os seguintes selecciónanse de xeito periódico cada X elemento da lista.

Empregando o exemplo anterior, podería definirse a mostraxe tomando como primeiro rexistro un número xerado aleatoriamente entre 1 e 1.000, e a partir dese ir saltando de 10 en 10 posicións ata completar as 50 persoas. Se o número aleatorio inicial é moi elevado, volveríase comezar polo principio, sempre respectando o intervalo de 10 posicións (así, se o primeiro número xerado aleatoriamente fose o 987, tomaríase o seguinte conxunto: {987, 997, 7, 27...}).

○ **Mostraxe estratificada.**

Esta técnica de mostraxe require en primeiro lugar agrupar aos individuos da poboación segundo as características que máis interesan aos investigadores (por exemplo, por sexo, por idade, por nivel de estudos, por tempo de permanencia no paro...).



Unha vez organizada deste xeito, realízase un reparto proporcional da mostra entre as diferentes agrupacións, en función do interese que teñen as características de cada un dos grupos.

Este reparto non ten por que coincidir coa estratificación da poboación, xa que pode ser de interese estudar en maior profundidade un determinado grupo cunha característica ou casuística concreta.

Despois, dentro de cada agrupación, selecciónanse aleatoriamente as persoas sobre as que realizar o estudo, ata completar a porcentaxe asignada. Deste xeito, asegúrase unha participación representativa de cada un dos estratos para conseguir unha mostra e uns resultados máis fiables.

Facendo unha distribución no exemplo do apartado anterior referido ao estudo da poboación parada rexistrada en Galicia (simplificada a efectos puramente ilustrativos), as 384 persoas a entrevistar poderían repartirse para configurar unha mostra do seguinte xeito:

			COMPOSICIÓN DA MOSTRA
Mulleres [50%]	192 mulleres	< 30 anos [50%]	96 mulleres menores de 30 anos
		De 30 a 45 [20%]	38 mulleres de 30 a 45 anos
		> 45 anos [30%]	58 mulleres de máis de 45 anos
Homes [50%]	192 homes	< 30 anos [50%]	96 homes menores de 30 anos
		De 30 a 45 [20%]	38 homes de 30 a 45 anos
		> 45 anos [30%]	58 homes de máis de 45 anos

Polo tanto, neste caso deberían seleccionarse aleatoriamente as persoas sobre as que realizar o estudo conforme a este reparto de sexo e idade (por exemplo, usando calquera das dúas técnicas vistas anteriormente). Debe entenderse, non obstante, que estes valores representan non o número de enquisas a realizar, senón o número mínimo de respostas que se deben acadar.

Esta distribución presenta a vantaxe de que os resultados a obter son moito máis representativos da realidade que se quere estudar e máis centrados nas características concretas que son de maior interese; por contra, presenta o inconveniente de que non serve simplemente con conseguir persoas que



responsan, senón que estas teñen que cumprir cun perfil específico. Deste xeito, por exemplo, unha vez que se consigan 38 respostas de mulleres de 30 a 45 anos xa non se precisarán máis, e deberán procurarse mulleres nos outros grupos de idade ata conseguir completar o número de respostas mínimo establecido en cada un deles.

○ **Mostraxe por conglomerados.**

Ten certas similitudes coa anterior, se ben este se aplica cando a poboación xa se atopa agrupada en "subpoboacións" que, á súa vez, reúnen ou replican as características da poboación orixinal, e que debe terse en conta á hora de realizar o estudo para obter resultados extrapolables.

Por exemplo, se se quere realizar un estudo da calidade percibida polas persoas usuarias do servizo público de emprego de Galicia cos servizos prestados nas oficinas de emprego, pode considerarse que cada oficina de emprego é un "conglomerado", e para que o estudo sexa representativo da realidade obxecto de estudo, é necesario asegurar que se realiza unha mostraxe proporcionada tendo en conta estes conglomerados, xa que doutro xeito as persoas sobre as que realizar o estudo poderían estar todas vinculadas a unha única oficina de emprego.

Deste xeito, para seleccionar a mostra, primeiro deberanse seleccionar os conglomerados sobre os que se vai aplicar, xa que non é imprescindible que se seleccionen todos. No exemplo que se está a comentar, poderían seleccionarse aleatoriamente algunhas oficinas grandes de contornos urbanos, algunhas oficinas de tamaño mediano e algunhas pequenas de contornos rurais. Deste xeito, asegurárase que se ten en conta todo o posible espectro de oficinas de emprego, e os resultados serán máis equilibrados e axustados á realidade.

Aplicado ao exemplo anterior, e supoñendo que cada tipo de oficina (que aquí identificamos como conglomerado) se reparta un terzo da mostra de 384 persoas, de xeito simplificado resultaría o seguinte:

- Persoas a seleccionar asociadas a unha oficina grande: 128.
- Persoas a seleccionar asociadas a unha oficina mediana: 128.
- Persoas a seleccionar asociadas a unha oficina pequena: 128.

Despois, a propia selección das persoas sobre as que aplicar o estudo pódese realizar por calquera dos métodos vistos con anterioridade, nomeadamente o da mostraxe estratificada, coa que se obtería o seguinte resultado.



COMPOSICIÓN DA MOSTRA			
Oficina Grande (aleatoria)	128 persoas	Homes [50%]	< 30 anos [50%]
			De 30 a 45 [20%]
			> 45 anos [30%]
		Mulleres [50%]	< 30 anos [50%]
			De 30 a 45 [20%]
			> 45 anos [30%]
Oficina mediana (aleatoria)	128 persoas	Homes [50%]	< 30 anos [50%]
			De 30 a 45 [20%]
			> 45 anos [30%]
		Mulleres [50%]	< 30 anos [50%]
			De 30 a 45 [20%]
			> 45 anos [30%]
Oficina pequena (aleatoria)	128 persoas	Homes [50%]	< 30 anos [50%]
			De 30 a 45 [20%]
			> 45 anos [30%]
		Mulleres [50%]	< 30 anos [50%]
			De 30 a 45 [20%]
			> 45 anos [30%]

II. Tipos de mostraxe non probabilística.

Tamén son catro os tipos de mostraxe non probabilística:

○ **Mostraxe por conveniencia.**

Neste tipo de mostraxe, a clave para a selección das persoas que a compoñen é fundamentalmente a facilidade de acceso e a dispoñibilidade das persoas para formar parte da mostra.

Un exemplo podería ser o de seleccionar ás persoas que asisten a unha sesión grupal de orientación laboral á oficina de emprego para realizar unha enquisa sobre a calidade do servizo, aproveitando que están xa xuntas e dispoñibles e sen considerar se realmente son representativas do perfil das persoas usuarias do servizo.



○ **Mostraxe por cotas.**

Para esta mostraxe, as persoas que forman a mostra elíxese con base nunha serie de trazos ou calidades, buscando que dentro da mostra se inclúan necesariamente persoas que representan a unha parte concreta da poboación.

Por exemplo, nunha investigación sobre o nivel de coñecemento e uso da Oficina Virtual de Emprego, podería establecerse público obxectivo ás persoas demandantes maiores de 50 anos, por ser o grupo onde máis interese realizar este estudo, establecendo unha cota de 100 persoas, e dentro deste grupo de idade pode establecer unha cota de 60 mulleres e de 40 homes. Con estas cotas, a mostra estará formada por 60 mulleres maiores de 50 anos e 40 homes maiores de 50 anos.

Este tipo de mostraxe adoita empregarse naqueles casos en que a mostraxe aleatoria podería excluír a un grupo subrepresentado dos resultados do estudo (como pode ser o caso de mulleres en ocupacións subrepresentadas, persoas discapacitadas, persoas en risco ou situación de exclusión social...).

○ **Mostraxe deliberada.**

Neste tipo de mostraxe (que tamén se coñece como mostraxe crítica, por xuízo, discrecional ou intencional) o elemento que se vai ter en conta para seleccionar ás persoas que forman parte da mostra é o coñecemento e o propio xuízo da persoa investigadora.

A súa utilización está recomendada para os casos nos que o universo está formado por persoas cun alto grao de coñecemento e cualificación, o que faría moi difícil localizalas aplicando métodos aleatorios.

Por exemplo, se se está a realizar un estudo sobre tendencias de futuro na orientación laboral, a persoa investigadora seleccionará a mostra partindo do seu coñecemento previo sobre os servizos públicos de emprego ou entidades de orientación de referencia, máis activas e innovadoras, xa que estas son as que poden ofrecerlle a información que necesita.

○ **Mostraxe bóla de neve.**

Emprégase cando é complicado conseguir persoas para a mostra, ou esta está limitada a un subgrupo moi pequeno da poboación. Consiste, basicamente, en que as persoas inicialmente seleccionadas para o estudo sexan as que recrutén a outras cunhas características concretas para participar.

Deste xeito, a mostra vaise construíndo cun efecto de "bola de neve", na que as persoas que van entrando van, á súa vez e con base nos seus contactos persoais, propoñendo novos nomes de persoas a integrar na mostra.



Por exemplo, se se quere realizar un estudo sobre persoas mozas ocupadas que compatibilizan o traballo co voluntariado, pode ser complicado identificar persoas que cumpran esta condición. Non obstante, para unha persoa moza que estea a traballar e realizar labores de voluntariado, seguramente lle será máis doado identificar perfís como o seu dentro deste ámbito e así acadar unha maior participación de suxeitos de interese.

3.2 Utilización da mostraxe no ámbito do mercado de traballo

O exemplo máis característico e recoñecido da aplicación da mostraxe no ámbito do mercado laboral é a Enquisa de Poboación Activa, coñecida tamén como EPA polas súas siglas.

A EPA é un estudo que en España realiza trimestralmente o Instituto Nacional de Estadística (en diante, INE) coa colaboración dos institutos autonómicos de estatística (no caso de Galicia o Instituto Galego de Estatística ou IGE) empregando técnicas de estatística inferencial cunha metodoloxía que é común a toda Europa, de forma que os resultados son empregados pola Oficina Estatística das Comunidades Europeas (Eurostat) para realizar a agregación destes datos a nivel europeo e a comparación a nivel dos Estados membros da Unión Europea.

O obxectivo xeral da EPA é o da obtención de resultados sobre as persoas ocupadas, paradas e inactivas. A Enquisa de Poboación Activa (EPA) dá cumprimento ao establecido no Regulamento (CE) nº 577/98 do Consello do 9 de marzo de 1998 relativo á organización dunha enquisa mostral sobre a poboación activa na Comunidade (**disposición derogada**), posto que a EPA contén á Enquisa Comunitaria de Forza de Traballo (ECFT) da Unión Europea.

Neste sentido, non debe confundirse a EPA e os seus resultados, que se obteñen empregando as técnicas de estatística inferencial e que, como tales, representan unha estimación cun marxe de erro e un nivel de confianza; do estudo do movemento laboral rexistrado (paro rexistrado, contratos...) e das afiliacións á Seguridade Social, que se realiza empregando técnicas de estatística descritiva sobre datos de rexistro.

A variable obxecto de estudo na EPA é a relación das persoas coa actividade laboral, e as variables de clasificación son:

- Idade.
- Sexo.
- Estado civil.
- Nacionalidade.
- Estudos.



- Rama de actividade.
- Ocupación.
- Situación profesional.
- Tipo de contrato.
- Horas traballadas.

Como xa se ten indicado, a EPA é unha enquisa que se realiza con carácter trimestral en todo o territorio estatal, dirixido á poboación que reside en vivendas familiares. A información obtense a través dunha entrevista persoal e telefónica, e o período de referencia da información é a semana anterior á entrevista.

No referente ao tamaño mostral, a mostraxe basease nas seccións censuais (o censo da España), que acadan en 2024 o número de 5.298. O número de vivendas nestas seccións sitúase en torno ás 55.000 e o número de persoas en torno ás 130.000.

O tipo de mostraxe empregada é de dúas etapas: as unidades da primeira etapa son as seccións censuais e as da segunda etapa son as vivendas familiares habitadas (fogares familiares e persoas residentes no fogar familiar principal).

Na elaboración da EPA participan, ademais do propio INE, a Axencia Estatal da Administración tributaria (AEAT), a Tesourería Xeral da Seguridade Social, as Facendas Forais de Navarra e País Vasco, o Instituto de Estadística de Navarra, o Instituto Galego de Estatística, os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas, o Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE), a Mutualidade Xeral de Funcionarios Civiles do Estado (MUFACE), a Mutualidade Xeral Xudicial (MUGEJU) e o Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS).

A información da EPA facilitada polo INE preséntase a nivel estatal, por comunidades autónomas e, nalgún casos, a nivel provincial, se ben a medida que se se descende no nivel territorial, o nivel de confianza da enquisa diminúe.

Os principais resultados que presenta a EPA fan referencia a:

Resultados	Global España	CC.AA.	Provincias
Poboación en vivendas familiares	SI	SI	SI
Activos	SI	SI	SI
Ocupados	SI	SI	SI
Parados	SI	SI	---
Inactivos	SI	SI	SI
Fogares	SI	---	---



Para cada unha destes elementos, os resultados da EPA preséntanse de xeito multidimensional considerando, en cada caso, as variables de clasificación aplicables de entre as indicadas con anterioridade neste mesmo apartado. Por exemplo, "activos por estado civil, sexo e grupo de idade", "ocupados por nacionalidade, sexo e nivel de formación alcanzado" ou "parados por tempo de busca de emprego, sexo e grupo de idade" entre outros.

Submostra da EPA en Galicia. Instituto Galego de Estatística.

Como se ten comentado con anterioridade, conforme coa metodoloxía definida a nivel europeo, a EPA tal e como a planifica e desenvolve o INE está pensada para ofrecer resultados representativos a nivel estatal e de comunidade autónoma, pero a medida que aumenta a desagregación territorial, a información dispoñible é menor.

Por este motivo, e aproveitando o seu labor de colaboración na elaboración desta estatística, o IGE realiza unha submostra en Galicia que ten como obxectivo obter información adicional, en colaboración co INE, sobre a caracterización do mercado laboral en Galicia a partir da explotación das preguntas adicionais que se inclúen no cuestionario de 6ª entrevista da Enquisa de Poboación Activa (variables de submostra).

A posibilidade da implantación dun sistema deste tipo contéplase nos últimos regulamentos de Eurostat (Regulamento do Consello e Parlamento Europeo nº 2257/2003 e Regulamento da Comisión Europea nº 430/2005), e establécese co fin de diminuír a carga de resposta da enquisa.

As preguntas da submostra proporcionan información adicional sobre catro bloques de variables:

- Ensino e formación.
- Condicións de traballo.
- Experiencia profesional e busca de emprego.
- Cambio de residencia no último ano.

O ficheiro da submostra ten un número menor de rexistros que os ficheiros trimestrais da EPA. Aproximadamente o número de fogares que constitúen a mostra efectiva é duns 2/3 da mostra dun trimestre (o ficheiro de submostra está constituído por aproximadamente unha sexta parte dos rexistros de cada un dos trimestres do ano).

Deste xeito, os resultados da submostra da EPA en Galicia achegan información relativa a:



○ Educación:

- Poboación de 16 ou máis anos segundo o sector do nivel de formación alcanzado, a relación coa actividade económica e o sexo (Galicia).
- Poboación de 16 ou máis anos segundo o sector do nivel de formación alcanzado, a relación coa actividade económica e a idade (Galicia).
- Taxas de actividade, ocupación e paro segundo o sector do nivel de formación alcanzado e o sexo (Galicia)
- Poboación de 16 ou máis anos que finalizou a ensinanza secundaria superior por sector do nivel de formación alcanzado, o sexo e a idade (Galicia).
- Poboación de 16 ou máis anos que cursa estudos (regrados ou non regrados) segundo o sector do nivel de formación alcanzado, o sexo e a idade (Galicia).
- Poboación de 16 ou máis anos que cursa estudos non regrados por obxectivo da formación non regrada, sexo e grupos de idade (Galicia).

○ Condicións de traballo:

- Poboación ocupada por frecuencia coa que traballa no seu domicilio particular, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación ocupada por frecuencia coa que traballa o sábado, sexo e grupos de idade (Galicia)
- Poboación ocupada por frecuencia coa que traballa o domingo, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación ocupada por frecuencia coa que traballa ao final da tarde, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación ocupada por frecuencia coa que traballa pola noite, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación ocupada por número de persoas que traballan no establecemento, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación ocupada por tipo de posto laboral, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación asalariada por frecuencia coa que traballa no seu domicilio particular, sexo e grupos de idade (Galicia).



- Poboación asalariada por frecuencia coa que traballa o sábado, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación asalariada por frecuencia coa que traballa o domingo, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación asalariada por frecuencia coa que traballa ao final da tarde, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación asalariada por frecuencia coa que traballa pola noite, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación asalariada por sistema laboral de quendas, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación asalariada por número de persoas que traballan no establecemento, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación asalariada por contratación a través dunha empresa de traballo temporal, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación asalariada por participación dunha oficina de emprego pública na obtención do seu emprego actual, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación asalariada con contrato ou relación laboral temporal segundo o motivo polo que é temporal, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Experiencia laboral e busca de emprego:
 - Poboación parada que traballou anteriormente por causa de deixar o último emprego e sexo (Galicia).
 - Poboación parada que traballou anteriormente por situación profesional no último emprego e sexo (Galicia).
 - Poboación parada que traballou anteriormente por sector económico no último emprego, sexo e grupos de idade (Galicia).
 - Poboación parada que traballou anteriormente por ocupación no último emprego e sexo (Galicia).
 - Poboación inactiva que traballou anteriormente por causa de deixar o último emprego, sexo e grupos de idade (Galicia).
 - Poboación inactiva que traballou anteriormente por situación profesional no último emprego, sexo e grupos de idade (Galicia).



- Poboación inactiva que traballou anteriormente por sector económico no último emprego, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación inactiva que traballou anteriormente por ocupación no último emprego, sexo e grupos de idade (Galicia).
- Poboación inactiva que traballou anteriormente e deixou o seu último emprego hai máis dun ano por situación profesional no último emprego e sexo (Galicia).
- Poboación inactiva que traballou anteriormente e deixou o seu último emprego hai máis dun ano por sector económico no último emprego e sexo (Galicia).
- Poboación inactiva que traballou anteriormente e deixou o seu último emprego hai máis dun ano por ocupación no último emprego e sexo (Galicia).



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN